

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL  
ANO VII — NÚMERO 178 — 1.º FEBREIRO 1923

## Como sempre para Galicia

### Perxuicios e desprecios

Hai poucos días leín nunha revista financeira de Madrid un artículo encol da vida comercial e industrial de Galicia, no que dicía:

"Todo é rudimentario en Galicia.

"O cultivo do campo.

"O tipo do labrego, do industrial e do marchante".

Me non estranou esto. Xa estou afeito á ver que de cote se presenta á Galicia como a rexión mais inculta, mais pobre, mais despreziable por todos conceptos, de total-as que constituen o Estado hespañol.

E aparte de que en Galicia non viven as xentes tan pobremente, tan miserabremente coma por exemplo nas cobas de Málaga, ou nas Cambronerías do mesmo Madrid, nen sequer coma nas casas de adobe e teito de palla de case toda Castela, é preciso tamén dicir algo á respectiva da incultura do galego e dos procedimentos rudimentarios de cultivo que se estilan na nosa Terra en comparanza cos da meseta central de España.

O galego non pode instruírse:

1.º Porque o Goberno non se coída de crear escolas. Na provincia da Cruña, por exemplo, e según o derradeiro censo escolar, existen 805 escolas oficiás e correspóndenlle á provincia, 1.310.

2.º Porque dada a poboación do agró galego, espallada por lugares distantes das cabezas de Concello onde está, se é que existe, a escola, a maór parte das casas quedan tan lonxe que non é posíbre que os neníños poidan sistir á clase.

3.º Porque falándose o galego en toda a campía e facéndose o ensino en castelán, os nenos non poden entender o que a forza de traballo consiguen soletrar, sendo pol-o tanto difícilísimo o que poidan adprender algo.

Tendo en conta que aos nenos castelás se lles ensina na lingua que falan, e que en Castela a xente vive en vilas, agrupada e pol-o tanto con facilidade para que os nenos poidan asistir ás clases, e ollando as estadísticas non se ve tanta desproporción como debera en contra do galego.

No tocante ao cultivo do campo:

E sabido que a propiedade está moi dividida en Galicia, onde non existen por outra parte grandes estensiós de terreo achanzado, senon que as leiras son pequenas, desiguales, nas pendentes dos outeiros ou entre valos. Cada labrego somenta para o seu consumo e para o pago das rendas e trabucos; algúns collen sómento o preciso para pagar. O cultivo é reducido.

E, pois, imposíbre empregar grandes máquinas agrícolas. Usanse sómente algunhas trilladoras e arados modernos nas comarcas onde hai constituídos sindicatos agrarios, xa que cada labrego en por sí non podería mercar nada d'eso pol-o coste crecido e porque o traballo á ren-

der non compensaría o gasto; úsanse xa de vello os abonos químicos, e de moi vello tamén hai asociós de seguros para o gando, e de melloramento para a cria.

En Castela existen grandísimas estensiós de terreo adicado ao cultivo de cereás. Os produtores trigueiros da meseta central dispoñen de capitales crecidos; noustante, todolos anos teñen que ir á Castela numerosos labregos da montaña galega armados de fouchiños para segar pol-o procedimento primitivo aquelas grandes searas que han producido o pan de Hespaña enteira.

A sementeira faise igualmente por procedimentos antigos, e como d'este xeito, dados os xornales actúas e os procedimentos de cultivo defectuosos o rendimento das colleitas non é todo o froitífero que debera nin moito menos o que quixeran os trigueiros castelás, éstes recurren ao Goberno e pídenlle:

Que lles adiante diñeiro e que os axude para facer subir de precio o trigo.

Que se imponha ao millo, que é indispensable importar para a vida do labrego galego, unha entrada arancelaria que faga imposible a súa entrada.

E que o aumento feito na contribución para total-as industrias se deixe en suspenso para eles.

¿E que mais? Dos industriás e comerciantes só diremos por hoxe que a mais importante Empresa de espeitáculos de Hespaña é a Empresa Fraga; as conservas galegas son conocidas no mundo enteiro; os productos farmacéuticos Yer invadiron toda a Península; as augas de Mondariz; xa non falemos! E á que seguir...

E digámolo d'unha vez: ¿Eses labregos castelás e manchegos que veñen por Galicia adiante cos queixos ao lombo, ou os que trán mel, ou os mesmos que conducen unha besta carregada de; botijooooo...! son tipos mais espertos, mais cultos; mais intelixentes que os nosos labregos? Tiven ocasión de aprecialo moitas veces: Non son.

¿A qué ven, pois, o rebaixar ao galego?

Para que logo nos veñan con trangalladas coma esa do "A B C": ¿Hespañoles ou estranxeiros?

LEANDRO CARRÉ.

## SARCASMOS

Chego a Ourense, de terras de Castela; traio a alma cobizosa de pisar a miña patria; quéimanme os desexos de ouvir o meu idioma, de acocharme baixo este ceio bravo, pero sublime; de solazar os meus ollos, na vista das nosas campiñas incomparables; de estreitar entre as miñas mans as dos meus amigos.

Mais, a casualidade, ou unha mala fada, das tantas que persiguen a miña vida depárame un novo sarcasmo, que neste caso bendigo con unción, porque acuciou no meu corazón a carraxe para se trocar en bríos que arraiguen con mais fé no meu peito, o sagro ideal nacionalista.

Os meus irmáns; os meus amigos, os que me conocen,

saben que vive en mín, unha rebeldía intransixente, un odio a morte contra todol-os poderes constituídos, contra todol-os desleigados e sinvergoñas, que si non son fillos sin pais, son almas mortas nas que somentes teñen acollida, todal-as ideas ruíns, todol-os sentimentos innobles, todal-as inxusticias que amordazan a soberana vontade do pobo honrado e traballador.

Para estes amigos ou irmáns que tamén sinten coma mín a rebeldía, transcribo o sarcasmo, na seguranza que afondará n-eles os desexos da nosa redención...

.....

Para o tren, e ao pisar terra, noto nos andés, un inusitado alarde dos que se chaman amparadores do orden, e que non sirven mais que para amparar as inxusticias e perseguir a honradez.

Agardan tamén, un fato de idiotas, que con soio mirarlles os ollos, que as mais das veces son o espello da alma, adiviñase que n-eles non aniñan mais que sentimentos innobles; as inxusticias; o afán do medro persoal a costa das miserias de moitos infelices; a adulación, e a ruindade.

¿A quen agardan? ¿Chegará cicais un apóstol desinteresado que veña a despertar na alma do noso sofrido e adormentado pobo, á santidad de rebelión?

¡Non! Os que esperan son caciques, agardan a chegada d'un cacique mais encumbrado, pol-as malas artes, a noxenta política centralista subsistente, a un desleigado e vividor. Chega Usera Bugallal; espéranos as "forzas vivas"; os homes "vivos" que mangonean no distrito de Ginzo, coma na maioría dos distritos de Galicia, mentras tanto non-os decidamos a empregar todal-as nosas forzas para segar tanta mala herba como medra nos nosos eidos.

Noxo e repugnancia prodúceme este recebimento intresado de finxida cordialidade.

Mais continua o sarcasmo, persígueme hasta o hotel, onde, rendido pol-o viaxe, déitome no leito e trató de calmar o meu espírito, saboreando con deleite unhas poesías de loita, e cando xa ensanchaba-se o meu peito co bálsamo que verten as estrofas do gran Cabanillas, interrompenme unhos aplausos que resoan no gabinete inmediato; presto atención, e decátome que están de comilona Usera e os seus conspicuos, que brindan pol-a vida do que eles chaman representante xenuino, e xuran coas mans en cruz, defender a política sustentada pol-o seu xefe político, o cacique máximo Gabino Bugallal, non somentes no distrito de Ginzo, senon en todol-os distritos galegos.

Sin dúbida algunha, o fume dos tabacos, ou o alcohol dos licores, arrástraos mais ao fondo do abismo que eles mesmos tecen, e brotan dos seus beizos inxurias para a nosa raza e adulaciós para o seu protector.

Eu namentras, ouvindo tanta necesidade, rebulíame no leito coa desesperación que me producía o desexo de arrincarlles a lingua e a máscara nefanda coa que ocultan as suas ambiciós.

Para colmar a miña desesperación, sinto un berro que pide vida e prosperidade para o partido conservador, para ese partido eclenque, inepto, desacreditado, caído na charca dos seus propios fracasos, e causante de todal-as inxusticias e crimes dos derradeiros tempos.

Este berro fixo rubir o sangue na miña cabeza, a saiti da miña gorxa un grito con toda a forza dos meus pulmós. Pido morte para todol-os caciques. Eisixo liberdade para a

miña única Patria, e pensando que algún pediríame conta pol-a miña intromisión, tírome do leito disposto a responder d-unha maneira contundente e decisiva. Mais ¡ai! son cobardes, non queren darse por enterados.

¿Cicais reconocerían, por un soio momento, a nobreza do meu berro? Non-o creo.

Desfilan silenciosos, tambaleando, e arrullándose como femias entre sí.

Teño a seguranza, que nesta noite velará o seu sono, reflexándose no seu cerebro, a visión dos espíritos pantasma, de aqueles seres, mártires, asesinados vilmente pol-a sua política, cuios corpos, ainda quentes, repousan a poucos kilómetros de distancia, e piden xusticia e vinganza.

Tarde ou cedo, serán vengados sin compasión, e namentras xuntarémonos todol-os bós galegos e loitaremos para esterminar esta mala semente causante das nosas disgracias.

¡Terra, a Nosa!

FERNANDO BLANCO.

Ourense 20 Xaneiro 1923.

## ORIENTACIÓS

Nasceron as "Irmandades da Fala", según o seu mesmo nome indica, para velar pol-o noso idioma que estaba esvaíndose e para o facer rexurdir ocupando o posto que lle corresponde. Esa foi a idea do mestre Ribalta e así consta craramente no libriño publicado por Villar Ponte nos comenzos das "Irmandades". En torno d'elas xuntáronse literatos galegos animados pol-o patriótico desexo de facer revivir a nosa língoa. E xá se vé que o conqueriron, pois podemos asegurar que hoxe o idioma galego, o noso medio de expresión, atópase n'un florecimento xurdio e verdadeiramente confortador non soñado seguramente pol-os primeiros "irmáns da fala".

Andivo o tempo e o movemento lingüístico foise trocando n'un movemento mais amplo que abarcase todol-os aspectos da nosa vida galega. Ademais da labor en pro do idioma comenzaron as "Irmandades da Fala" a estudar os problemas galegos e moi principalmente o da nosa liberdade política. Comenzou a campaña agraria e veu de camiño o troque do movemento esencialmente político co'a finalidade de tratar de resolver todol-os nosos problemas xá que non era somentes o da língoa o único que había que solucionar. E déronse solución para todos. Viñeron ao movemento homes de todal-as ideas e xá era preciso téer un programa. Ese programa fixose na histórica, na xurdia e endexamais igualada, asambreia de Lugo. O programa era un programa de verdadeira constitución do Estado galego. Dende entón comenzamos a nos chamar nacionalistas, porque o noso pensamento era o de reconstruir a nación galega. Estábamos xá definidos e xá todos sabían quen es éramos e ao que íbamos. O noso era un movemento de reconstrución da Nosa Patria en todol-os ordes e pol-o tanto era un movemento político, esencialmente político xá que un dos primeiros e mais principás puntos a resolver era o da nosa liberdade política.

E comenzamos a autuar. E veu que nos chamaban arredistas, o que proba o carater político do noso movemento. E fumos pouco a pouco e o movemento foi cundindo. Hasta algunhas veces intervimos en eleiciós co acor-

do previo de todos. As filas nacionalistas engrosaban, o rexurdimento galego operábase paseniñamente, rexurdiron os labregos, viñeron a nós artistas e xente de valimento e constituímos o único movemento serio e transcendente que hai en Galicia. A única realidade viva que é o nacionalismo. Comenzouse a falar de nós. Os caciques, os que viñan usurpando a nosa concencia colectiva comenzaron a tremar. Definíronse os campos e puxéronse en contra de nós os inimigos da nosa liberdade. Nós, sempre con fé, decote con entusiasmo e non nos importando os oustáculos que nos poñían no camiño chegamos, despois de seis anos de esforzado e continuo laborar ao momento actual. A par de nós, froreceron total-as cousas galegas e froito das nosas campañas e das nosas inyeccións de galeguismo é este rexurdimento que estamos ollando e que ninguén pode negar.

E despois de conquerido todo isto, despois de abranguer que o noso movemento sexa ollado con simpatía pol-os demais nacionalistas ibéricos, conquerido xá que os galegos das Américas comencen a se preocuparen seriamente do nacionalismo, tendo conquerido que a semente por nós espallada comence a dar os arelados froitos ¿imos a dar un paso atrás reitificando toda a labor de seis anos para non nos adicar mais que a facer cultura? Non e non. Non debe ser así.

Está ben que se faga cultura, conforme, moi conforme. Pero non podo estar-o conque se pretenda orientar o nacionalismo mais que n'ese senso. A miña condición de nacionalista integral impídeme estar conforme.

Agora que acaban de caer mortos en Sobredo varios galegos que eran a representación da nova Galicia posta en pé, no instante en que en Madrí estanse repartindo as actas dos distritos galegos, no momento do forte e vigoroso rexurdir agrario e cando toda a nosa labor anterior está no seu maior apoxeo ¿imos a retroceder para non facer mais que a labor primitiva? Non debe ser así. Os días actuais esixen, recraman unha labor enerxética, forte e intensa por toda a Terra. Unha labor que xunte aos galegos n'un movemento liberador, grande e punxante que constituía un fronte único contra os nosos escravizantes e contra os inimigos do rexurdimento da nosa vida. Temos que nós poñer en contaito cos agrarios, temos que ir por todol-os recunchos da Nosa Terra facendo soar o crarín da nosa liberdade e chamar aos galegos á loita pol-o conquerimento da redención da Patria.

O nacionalismo é unha loita de defensa e debe ser forte, viril, con todo o entusiasmo e a calor de toda acción popular e redentora. Non debe ser feita co'a frialdade que unha acción unicamente cultural leva aparelada. O movemento nacionalista actual, non debe ter somentes o carácter romántico e lírico que tiveron outros anteriores. Temos a obriga de facer que sexa o derradeiro, o que nos traía a liberdade e a redención tantas e tantas veces suspirada.

Ademais, durante os seis anos da nosa actuación, ¿non se fixo unha gran labor cultural? Repito que estou conforme con desenrolar a nosa cultura, pero non conque o nacionalismo sexa eso unicamente. O nacionalismo, como a mesma verba indica, debe intervir en todo canto á vida galega refírase e poñer n'ela o seu selo, a súa marca inconfundible. Así é como eu entendo o nacionalismo. Autuando en todo e non somentes n'un só aspecto, sexa éste cal fose. ¿Que mais queren os caciques galegos causantes dos

asesinatos de Osera, Nebra, Guillarey e demais, que o nacionalismo non sexa mais que cultura! ¿Con tal que lles deixen seguir mandando para obrar ao seu antoxo! Eu hasta teño medo que se o movemento nacionalista non fose mais que cultural ingresasen n'él todol-os caciques galegos. Non se lles podería negar o dereito. Non deixa de ser significativa a gabanza que os xornás caciquís adican sempre a calquer aito cultural aínda que sexa realizado por nacionalistas. En troques pónenlle o veto a outras labores por nós realizadas.

Sigamos, pois, como hasta aquí, traballando canto podamos por facer rexurdir total-as cousas galegas en todol-os sentidos. Se o tempo probounos que esa é a labor que temos que realizar ¿por qué non facel-o? Ollemos a realidade é xá veremos como ela obríganos a seguir traballando como o fixemos hasta agora. Nada hai na nosa actuación que nos obrigue a retroceder, senón todo o contrario. Avanzar e avanzar sempre; todo canto nos sexa posible. E mais aínda agora que o ideal nacionalista enraízase fortemente na alma galega.

VICTOR CASAS.

## A acta por Chantada

Nad mais noxento que o que está pasando estos días co distrito de Chantada, que representaba nas Cortes o malogrado D. Leonardo Rodríguez.

Don Leonardo Rodríguez representaba na política galega un valor de enxebreza, quizaves mais que pol-o que facía, pol-o que prometía facer; pero non imos a dibuxar a súa silueta política. O caso é que él, sobor todo despois de morto, foi procamado pol-os seus moitos amigos e partidarios como a figura mais representativa das reivindicacións galeguistas dentro da política hespañola.

E agora resulta que por aquel distrito queren saír deputados Rodríguez Viguri, un fillo de González Besada, un fillo de Romanones, Gerardo Doval e non sei cantos mais, alegando cada un os seus dereitos a representar aquel distrito coma si se tratara de heredar unha leira ou un d-eses negocios que teñen os políticos. E a todo esto nin en Chantada, nin no resto de Galicia érguese unha voz de rebeldía.

E decir, que según esto, o distrito do home que se reconocía como a figura representativa das liberdades galegas, resultaba ser un distrito cuneiro. E decir, que o señor Leonardo Rodríguez nin siquera tiña redimido o seu distrito, nin siquera tiña criado n-él unha concencia de cidadanía e de democracia galegas, senon que somentes tiña feito un feudo mais, desenrolando a política persoalista de todol-os caciques.

E isto é un aldraxe e unha vergoña para Galicia, e unha profanación e un insulto á lembranza do ilustre morto.

¿Pero entre tantos valedores como a D. Leonardo habíalle saído, non hai ningún que non sinta o agravio que se lle está facendo? ¿Non se decatan de que os vellos políticos con estas cobizas deshonestas están convertindo a Leonardo Rodríguez n-unha figura caciquil coma as demais? ¿Canta vergoña, canta falla de dinidade nas xentes!

Pol-a estima de que Leonardo Rodríguez nos era mesrescente, pol-a súa lembranza e en nome da dinidade da nosa Terra protestamos do espetáculo que os caciques están dando co distrito de Chantada, pero sobor todo da vergoñosa pasividade de todos cantos seus correligionarios en vida non forman un cadro de concencias rebeldes para defender o seu honore.

Fume vosté con papel

NOROESTE

# Gran campaña agrario-nacionalista

## Un mitin en Payosaco

O domingo 21 do mes actual celebróuse no lugar de Payosaco, un gran mitin d-afirmación agrario-nacionalista, terceiro da campaña comenzada con tanto eisito pol-a circunscrición da Cruña.

Asistiron ao mitin, unha numerosa comisión de propagandistas cruñeses, entr-os que podemos citar aos irmáns Peña Novo, Mosteiro, Casas e Rodríguez Sabio, o noso querido amigo Joaquín Martín Martínez e ademais sinificados elementos da comarca bergantiñana, que eran portadores de valiosas representaciós, das que imos dar unha pequena nota, pois témol-a seguridade de non nos lembrar de todas.

Pol-o "Sindicato Agrícola e Gandeiro" de Vilaño, Generoso Cambón, Antonio Lacip e José Rodríguez Cotelo; pol-o "Sindicato Agrícola" de Lemozo, Manuel Vidal e Generoso Varela; pol-o "Sindicato Agrario" de Lendo, José Baldomir e José Arijón; pol-o "Sindicato Agrícola" de Soandres, Antonio Mallo Landeira, Manuel Gómez e José Queijo; pol-o "Sindicato Agrícola e Gandeiro" de Montemayor, Antonio Río e Eduardo Canedo; pol-o "Sindicato Agrario" de Golmar, Manuel Dubra e Generoso Queijo, e pol-o "Sindicato Agrícola" de Coiro, Rogelio Suárez e Joaquín Canedo. Tamén estaban presentes n-este grandioso acto, os seguintes señores: D. Manuel Sueiro Novo, cura párroco de Torás; D. Eliseo Pet López, veterinario da Laracha; D. Ramiro Suárez Moreno e D. Eladio González Cambón, que traían a representación dos agrarios de Payosaco; D. José Suárez Pais, coadjutor de Lestón; don Manuel Iglesias Silveira, de Soandres; D. Jesús Añón Canedo, coadjutor de Pastoriza; D. Ricardo Vázquez Suárez, cura párroco de Lalín, e D. Antonio Lancit Pet, sinificado agrario de Vilaño.

N-un automóvil, chegou para asistir ao mitin e demostrar coa súa presenza a gran fraternidade que hay entre-os agrarios, unha comisión do Axuntamento de Coristanco, composta pol-os seguintes loitadores agrarios: José Mira Leis, Manuel Vela Castro e José Mira Castro, de Coristanco; Cayetano Fernández Calvo e Ramón Villar Vecino, de Toviño; Perfecto Calvo Andrade, Manuel Castiñeiras Mato, Manuel Andrade Ferreiro, Manuel Antelo Rama, Francisco Castro e Bernardo Rial, de Couso; Manuel Andrade e José Fernández Calvo, de Erbecedo; José Anido, de Valencia; Manuel Pose Pastoriza, de Rus; Vicente Rial Montes e Manuel Julios Barreiro, de Traba, e José Añón Mato, de San Justo, ao frente dos cuales viñan, o filantrópico médico e valiente defensor dos labregos de Coristanco, irmán Ricardo García Piñeiro, e o persidente da Federación de Sociedades Agrarias de Coristanco e vello propagandista do agrarismo cidadán, José Mira Periscal.

Moito denantes da hora sinalada para o comenzo do acto, xa se tiña xuntado unha numerosa e entusiasta concurrencia, que subía de dúas mil persoas, e entre as que había moitas mulleres.

As tres e media da tarde, da comenzo o mitin, pronuniciando unhas elocuentes verbas en nome da comisión orgaizadora o Sr. Antonio Lancit Pet, e coas que pregou ao auditorio, que escoitase con atención aos propagandistas chegados d-outras terras, para esprical-o evanxelio liberador dos labregos de Bergantiños.

Seguino no uso do verbo, o concellal nacionalista do Axuntamento da Cruña e sinificado propagandista do nacionalismo galego irmán Lois Peña Novo, que pronunciou un gran discurso, cheio de doutrina e rebeldía, no que expuxo os grandes problemas de Galicia, que esixen rápida solución e para o cual é preciso que se xunten todol-os galegos dinos, si non queremos consentir que a voz da nosa Terra esté arredada do centro as que os mesmos teñen que solucionarse. En brillantes párrafos do seu discurso, atacou con valentía ao caciquismo galego, culpándoo ant-o pobo de Galicia, de ser o culpabre dereito de todol-os sufrimentos da nosa patria. Rematou o seu discurso decindo: Si n-estos momentos en que Europa está sufrindo unha fonda convulsión en todol-os aspectos da súa vida, Galicia permanece indiferente e se non incorpora a este movemento de xeneración universal, seremos indignos de permanecer á veira dos pobos civilizados, xa que non quixemos liberar a nosa Terra, do cobarde caciquismo, que a ten arredada do concerto universal de pobos libres. Ao final do seu discurso e apraudido frenéticamente.

Ao rematal-o anterior orador, sube á tribuna o vello e valiente loitador agrario José Mira Periscal, que comenza saudando aos propagandistas cruñeses e felicitándoos, por ter a valentía de lanzarse a esta campaña de libertade dentro do actual ambiente de cobardía cidadana.

Pide aos agrarios de Bergantiños, que atendan as indicaciós dos directores d-esta cruzada, que pouco a pouco irá cortando as raíces d-ese tronco tan robusto, que hoxe co-necemos co nome de caciquismo galego.

Aconsella calma e constancia na loita, xa que é preciso loitar con fereza para derrubar o baluarte da farsa caciquil, levantado fai tantos anos e cuyos cimentos foron enviados pol-o poder central, para que poideran defendel-o e servir de base para o aprixonamento da alma galega. Durante o seu discurso recibiu moitos aprausos, que se prolongaron ao remate do mesmo.

En medio d-unha gran ovación, escala a tribuna o valente loitador, leader do agrarismo en Coristanco, D. Ricardo García Piñeiro, médico d-aquel Axuntamento.

Comenza o seu valente discurso decindo: que está fondeamente emocionado, ao ver que os labregos do agro galego decatáronse da urxente necesidade de mancomunarse en sagra cruzada, para dar a batida ao salvaxe caciquismo, que ten aprixoada a alma da nosa Terra. Folgase moito, de que sexan os homes das cidades, os que veñan a axudar á redención do labrego, porque esto é unha demostración de que a cidade non esqueceu á aldea e que pol-o contrario, n-estos momentos de loita veñen a xuntarse, para dar a batalla ao caciquismo que ten tan asoballada a unha como a outra.

En brillantes parrafos que sentimos non poder copiar, anima aos elementos anticaciquiles a seguir a campaña comenzada, asegurándolles que o Axuntamento de Coristanco ha de responder coa valentía en él tradicional, a esta valente campaña redentora do labrego e pobo de Galicia. As derradeiras verbas do seu discurso son recollidas en medio de grandes aprausos, que demostran o prestixio que ten en terras de Bergantiños o noso querido amigo.

Seguidamente sube á tribuna o valente porpagandista e segredario do Axuntamento da Cruña Joaquín Martín Martínez, que pronuncia un discurso, que sentimos non poder copiar íntegro, e do cual somentes publicaremos algúns párrafos.

Dice que eles, homes da cidade, viñan ao campo galego, a estabrecer un contacto espiritual, perciso n-estos instantes, en que un Goberno liberal vai pulsar a opinión d-Hespaña. E como queremos que o campo desperte do sono a que o tiña condeñado o caciquismo galego, pai do centralismo da meseta, é por iso pol-o que, os homes de conciencia liberal, veñen a falarlle ao pobo galego.

Fala con elocuencia, da noxente necesidade de perpararse para a loita que s-aveciña, si non queremos que os que trunfen n-esa loita, sexan os que até o d-ahora, viñan roubando a representación d-un pobo, ao que endexamais deron conta das suas cacicadas. Excita aos labregos a unha rexa xuntanza, para que vexa a cidade, que o campo quer estreital-a n-unha aberta de sagra irmandade, para xuntas loitar pol-o destronamento dos oligarcas. Con párrafos cheios de rebeldía, remata o seu discurso, que é freneticamente apraudido.

Remata o auto, con unhas elocuentes verbas do noso irmán na causa Rodríguez Sabio, coas que da moitas grazas á concurrencia, por haber escoitado con tanta atención aos oradores e pol-o entusiasmo demostrado en todol-os momentos. Anima aos labregos a que sigan o camiño comenzado e anuncia que a campaña seguirá por toda a circunscrición, para demostrar aos imbéciles caciques, que non nos asustan coas suas amenazas, sinon que pol-o contrario, dannos mais azos para arrebatat de man dos oligarcas de hoxe, o herdo político que deixáronlles os caciques d-ontes, herdo que pese a quen pese, ten d-ir ás mans do pobo galego, único dono dos seus destinos.

Con vivas de ¡Terra a Nosa! e ¡Viva Galicia libre!, rematouse este mitin, que deixará grata lembranza nos agrarios de Bergantiños, xa que n-él se demostrou o gran interés e desexo do pobo bergantiñán, de verse libre dos caciques que o asoballan, e ao frente dos cuales, está un estranxeiro nado en Getafe, que ten xurado ter ao pobo galego debaixo dos seus pes namentras viva.

Nosoutros pol-a nosa parte, compracémonos en comunicarlle pol-o de agora, que teña moito cuidado co que fai, pois non están os escravos dispostos a levar co coiro e ¡pobre do fidalgo que ten unha revolución d-escravos!

\* \* \*

Por non poder asistir ao mitin arriba reseñado, enviou unha valente adhesión, concebida en termos de gran patriotismo, o batallador agrario e prestixioso médico da Larracha. Maximino Cacheiro Naveira, que foi agarimosamente comentada por todol-os elementos que ocupaban a persidencia do mitin.

Tamén mandaron outra, os valentes loitadores que cons-

tituyen o "Comité" do Axuntamento d-Oleiros, e que mereceu a aprobación de todol-os asistentes.

\* \* \*

O domingo día 4 de Febreiro, celebráranse dous grandes mitines, un en Coristanco e outro na Golada.

NA "IRMANDADE" DA CRUÑA

## Varias conferencias

A "Seición de Cultura e Fala" da "Irmandade" da Cruña organizou unha serie de conferencias de propaganda nacionalista e de desenrolo da cultura galega.

A primeira d'estas conferencias realizouse o día 30 e estivo a cárrego do noso querido irmán Luis Peña Novo. Despois d'unhas breves palabras do irmán Leandro Carré como presidente da "Seición" organizadora das conferencias, comenzou a desenrolar a sua Peña Novo. A carencia d'espacio impídenos dar hoxe unha reseña d'elas. Farémol-o no proisimo número, todo o mais extensa e com- preta que nos sexa posibre.

Cómprenos decir hoxe que a dita conferencia foi unha revelación mais da enorme capacidade de Peña Novo. Co'a elocuencia en él acostunbrada tratou difrentes problemas de gran actualidade, facéndoos xirar ao redor do gran problema nacionalista. Durante a conferencia foi moi apraudido e ao final ouviu unha enorme e entusiasta ovación do numeroso público que enchía o local da "Irmandade". Peña Novo foi moi felicitado.

Foi un bôn comenzo da serie de conferencias ás que auguramos un éxito com- preto. A nosa embora aos organizadores.

## Meles da Terra

(Para Euxenio Montes)

Euxenio Montes, o sutil cronista, publicou no "Sol" de Madri unha "Meditación ante el Pórtico de la Gloria", e n-ela dí: "Llegamos a la Plaza del Cardenal Martín de Herrera". A Plaza a que se refire e que por tal nome ningún coñece, é a que sempre chamouse e síguese chamando "Plaza das Platerías".

O Concello santiagués fai dous ou tres anos trocoulle a denominación oficial, pero o nome verdadeiro, o enxebre, o que relembrá lonxanas saudades de teitos de Historia e de anacos da vida de escolante, o que tén sabor de época, o nome enraizado na vida eternal de Compostela é o nome de Plaza das Platerías. A placa bronceada que tén o nome de Martín de Herrera ven a rachar a maxestosa e ornamental armonía d-aquel recuncho de tradición da nosa Cidade sagra, e a profanar-o seu ambiente enxebre con un nome estranxeiro.

Podé o Concello de Santiago, que ergueu a estatua de Monteiro Ríos, facer unha burrada mais; pero doinos vel-a consagrada nunha crónica de esquisito cheirume evangelizante e romántico. Supoñemos que se trata d-un esquecemento, e temos a seguranza de que Euxenio Montes será o primeiro en estimarnos esta ouservación.

XUAN ALONSO.

Papel de fumar

**NOROESTE**

## O Tranvía de Sada

### Homenaxe merescido

O domingo día 21 d'este mes fíxose un homenaxe na vila de Sada, ao Sr. D. Pedro Barrié de la Maza, principal factor do tranvía que pon en comunicación a ridente vila de Sada coa capital de Galicia.

Aquel homenaxe consistiu en lle poñer o nome do señor Barrié á rua do Pedregal, acto presenciado por todos os veciños de Sada e moitos da Cruña, e no que estaban presentes as autoridades de Sada e o alcalde da Cruña.

Despois fíxose o banquete. Presidíano o señor homenaxeado, os alcaldes de Sada e o da Cruña, os párrocos de Sada e Mondego e o señor don Agustín García, cacique máximo na política mariñana, que tén a súa alcabala na vella cidade brigantina.

Houbo discursos ao final.

Os oradores arrimaron de tal xeito a brasa á sardiña política, que mesmo parecía que o facedor do milagre do tranvía non foron as pesetas e as laudabres iniciativas do Sr. D. Pedro Barrié e demais compañeiros de Consello, senon o Sr. D. Agustín, que foi o que logrou aquela célebre garantía d'unha Diputación que non disfruta de ningunha.

Fixeron mal, pero moi mal, en asociar a política caciquil á aquel simpático acto. Despois d'aquel aldraxe que cometeron poñendo o nome de San Agustín ao novo cemiterio de Sada — naturalmente, en lembranza do cacique máximo, pero resultando un triste símbolo—, semellaba que as novas ideas iban purificando o ambiente atafegante da vella política. Mais Sada non escarmenta e pásalle o mesmo que á aquel cubano do conto "que no podía vivir sin aguacate".

¿Cántos anos leva Sada agardando á que en Fontán se faga un peirao que sirva para o ataque das grandes embarcacións, trocando aquela costa inútil en sitio adoitado para as tarefas do comercio? ¿Cántos anos van xa dende que os concellos de Sada, Bergondo, Castro e Paderne agardan pol-a construción da ponte do Pedrido?

Eses concellos están isolados completamente; e inda que nada costaría aos caciques a ponte, suposto que tiña que pagala o Estado, nada fixeron. E queren agora levar loubanzas na realización da grande obra do tranvía, que se fixo sómente con pesetas, e non con travesuras políticas, que ás derradeiras non sirven mais que para nutrir as faltriqueiras dos falcatruantes.

Queremos que conste aquí o noso aprauro sincero e firme para todos os señores do Consello do tranvía e persoal técnico, e principalmente para o señor don Pedro Barrié de la Maza, fillo d'aquel inesquencido patricio galego que levou o mesmo nome, e cuxa lembranza será eterna no corazón de todos os que tiveron o altísimo honor de o conocer.

Use vosté papel de fumar

**NOROESTE**

Lea vostede o próximo número de

**A NOSA TERRA**

TEATRO GALEGO

## Escola Dramática Galega

Como todos os domingos o ven facendo, o 14 do pasado celebrou a "Escola Dramática Galega" outra velada no local da "Irmandade", que foi unha das milliores de cantas leva celebrado.

Estrenou a graciosa comedia n'un acto do escritor santiagués D. Ricardo Frade Giráldez titulada "¡Vaites, vaites!" Esta obra alcanzara o primeiro premio no certame de obras teatrais que fixera a "Irmandade da Fala" de Betanzos. Trátase d'unha obra escrita n'un idioma ben coidado e moi puro, con escenas de moita gracia e c'un argumento moi bonito. Gustou moito e foron apraudidas algunhas escenas. A caída do pano coincidiu con unha ovación tributada pol-a xente que abarrotaba o local, ao autor da obra e aos intérpretes que a representaron con toda propiedade e de xeito irreprochable.

Despois foi representada a chistosa comedia "Almas sinxelas", de Xavier Prado (Lameiro), que despertou o regocixo do público e que gustou moito como cantas veces se representa. Houbo tamén longos aprausos para a obra e para os rapaces que a levaron a escena. Outro éxito-mais que a "Escola" tén que engadir aos moitos que xa leva conquistados.

\* \* \*

Siguense contando por éxitos as veladas que a "Escola Dramática Galega" vén celebrando no local da "Irmandade". O domingo 21 repetiu a graciosa comedia de D. Ricardo Frade "Vaites, vaites", que estrenara o domingo anterior. Gustou como o primeiro día e foi moi apraudida.

Estrenou despois unha delicada e preciosa comedia n'un acto titulada "Ainda vive", da que é autor o noso querido amigo e irmán en Idea D. Francisco Alcayde e Vilar, catedrático de Lóxica da Universidade de Santiago. Alcayde é un nacionalista valenciano e gran admirador da Nosa Terra pol-a que sente grandes cariños aínda a pesar do pouco tempo que n'ela leva. Por medio d'él as "Irmandades da Fala" veñen sostendo unha gran relación espiritual co forte e entusiasta movemento nacionalista de Valencia e él sigue con interese o curso da autuación nacionalista en Galicia.

A súa obra, cuxo único exemplar entregou á "Escola" para o seu estreno, gustou moito e o numeroso público que ocupaba o salón apraudiuna con entusiasmo pedindo ao autor. Foi representada moi ben e con moito cariño.

A nosa embora cordialísima ao irmán Alcayde.

Denantes de començar a representación, un irmán deu lectura as cuartillas que siguen:

A "Escola Dramática Galega", que cada día síntese mais animada, vista a axuda que decote videslles prestando coa vosa presenza n'estas veladas é co voso constante alento, quixo na velada de hoxe, darvos a conocer unha obra nova moi fina e delicada que vén a enriquecer o noso xa xurdido e esplendoroso teatro. Ademais dos méritos que tén esta obra que sabemos e temos seguridade que será do voso agrado, tén un enorme, o mais grande de todos. O de que o seu autor non é galego.

D. Francisco Alcayde e Vilar, catedrático de Lóxica, da Universidade de Santiago, é o autor de "Ainda vive". O Sr. Alcayde é natural da rica e gloriosa nación valen-

ciana e figura no movemento nacionalista d'aquel pobo que a semellanza do nacionalismo galego vén loitando e traballando con entusiasmo pol-a liberdade e froecimento de Valencia.

Leva nada mais que dous anos en Galicia e tanto chegáronlle a interesar as cousas galegas, que quixo contribuir ao rexurdir do noso teatro escribindo a obra que agora honrámonos en representar.

Vede aquí un exemplo que nos ven de fora e que é unha lección para moitos galegos que sintense rebaixados contribuíndo á literatura galega con traballos feitos no noso idioma e mais aínda para os que, isto aínda é peor, non queren falal-o, demostrando así carecer en absoluto do primeiro que todo home debe tén que é amor, cariño e orgulo pol-as cousas propias.

Mais o ouxeto d'estas cuartillas non é mais que falarvos do autor da obra que imos representar, e xá queda dito que aínda non sendo galego de nacemento o é de corazón. Sigue paso a paso o actual rexurdimento que na vida de Nosa Patria estase verificando. Conoce millor que moitos galegos, a nosa historia e a nosa literatura e según podemos apreciar nas nosas comunicaciós con él, confía moito nas virtudes da Raza e vé vir n'un prazo non lonxano o día da nosa redención.

Sirvan estas humildes pero sinceras verbas, de expresión do noso agradecimento hacia o Sr. Alcayde, pol-o honor que co'a sua obra fai ao teatro galego. Contribuíde co voso aprauso a manifestar mais cumpridamente o noso agradecimento e paguemos ao Sr. Alcayde, corespondendo ao que él fai por nós, co desexo de que a sua Patria, Valencia, chegue a conquistar unha vida próspera e groriosa, tan próspera e tan groriosa como a que nós cobizamos para a nosa amada Galicia.

#### EN SANTIAGO

No derradeiro mes celebráronse en Santiago tres representaciós de teatro galego nas que se representaron ó drama de San Luis "O Fidalgo", a beneficio das familias dos mortos de Guillarey, a traxedia de Lugoís Freire "Minia" e as comedias de Frade Giráldez "¡Vaites, vaites!" e "A copla".

Os cuadros que as levaron a escena foron "A Terriña" e "Cativezās", dúas agrupaciós que veñen laborando moito pol-o rexurdimento do noso teatro.

Según limos na prensa, as tres representaciós foron tres grandes éxitos.

Nós, atentos sempre a canto en Galicia fágase pol-o rexurdir das nosas artes como de todas as cousas nosas, rexistramos con ledicia as representaciós efectuadas e felicitamos garimosamente aos autores das obras e aos rapaces que as representaron aos que lles rogamos continúen realizando tan patriótica labor como é a da facer rexurdir cumpridamente a nosa arte escénica que afortunadamente vai sendo cada vez mais escolleita.

#### EN VILLALBA

O notabre cadro de decramación da entusiasta e traballadora "Irmandade da Fala" de Villalba deu dúas representaciós de teatro galego no amplo local da "Irmandade".

Representou o drama de San Luis "O Fidalgo" e os xuguetes de Charlón e Hermida "O Mançiñeiro" e "Axú-

date". As dúas veladas foron outros tantos éxitos para os entusiastas rapaces que según nos din representaron as obras admirablemente.

Están agora ensaiando outras obras para as dar a conoser axiña.

Moi ben, rapaces. Adiante sempre con entusiasmo.

## LECTURAS

"Céltiga".—Ferrol.

Púxose á venda o número 9 que publica unha fermosa colección de versos do inspirado poeta e conosciudo escritor Eladio Rodríguez González.

Titúlase "Raza e Terra". Abonda o nome de Eladio Rodríguez para facer o eloxio dos eus versos, pois ben conosciudo é nas letras galegas. Leva unha portada fermosa de Núñez Carnicer.

O próisimo número publicará "O vello mariñeiro toma o sol" e outros contos do cultísimo literato Euxenio Montes e levará ilustraciós de Fer-Mazas.

## Resumen da historia de Galicia

(Continuación)

compretamente asoballada, así é que, aos poucos anos, novas partidas aparecen nos montes, baixan á terra chá, entran no Portugal, onde xá se ergueran outras, é a guerra sigue entre vitorias e desfeitas. En van Xulio Cesar destrozou aos herminios e entrou na Cruña atravesando despois toda Galicia; a loita non se acabou por eso, e só despois de moito tempo, favorecéndolles a fortuna conquistaron os romaos cercar no Monte Medulio aos derradeiros defensores da independencia que se deron a si mesmos a morte denantes de se verem escravos latinos. Este horrible desastre convertiu a Galicia en provincia romana baixo o imperio de Augusto.

Encomenzou a dominación románica en Galicia atopándose en paz todo o mundo conociudo e os naturás fóronse acomodando ás leis, costumes e idioma dos vencedores. Pucas luces nos dá a historia do que pasou en Galicia n'aquel tempo. Sábese por eso que os galegos favoreceron a Flavio Vespasiano en contra de Vitelio, que lle disputaba a púrpura e agradecido aquél, despois de vencel-o rival, mandou facer camiños, pontes e outras obras públicas e redificar Betanzos, dando a varias pobraciós algúns privilexios pol-o que, como honrao César, aditaron aos seus nomes o de Flavio, como Brigancia e Lambre, que se chamaron d'ende aquela Flavia Brigancia e Flavia Lambre.

Ao propio tempo estendíase pol-o mundo a luz do Evanxelio. Santiago, fillo do Zebedeo, deixou a Xudea e atravesando os mares chegou na sua predicación hasta o moito famoso tempro de Arasolis o ano 36 da nosa Era, seguido de innumerabres galegos que convertira. San Nataniel, un dos setenta e dous discípulos do Salvador, predicou despois en Brigancia, apartando do erro á maioría do pobo e fixou a sua residencia na pequena cibdade de "Virgundo" (Bergondo) e alí morreu chorado e bendecido pol-as suas virtudes, no século I.

FLORENCIO VAAMONDE.

(Seguirase).

# Compañía Naviera "Stinnes" (Hugo Stinnes Linien)

## HAMBURGO

Servicio regular de vapores correos a os portos do **Brasil, Montevideo e Bos Aires**  
 Proximas salidas da Cruña

Vapor correo **H O L M** 7 de Febreiro

Ademitiendo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira ordinaria: **Ptas. 365'10**

(Incluídos todos os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse, ao Axente da Compañía:

**Roxelio Fernández Conde - Feijóo, 4-baixo — A Cruña**

Fábrica de Xergóns  
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

**EFECTOS NAVALES**

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

**F. BERTRAN E MIRAMBELL**

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

**"Patente-Salvavidas"**

O mellor para pintar os fondos dos barcos. Ganou Diploma de Honor, Gran premio e medalla de ouro nas Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

**F. Bertran e Mirambell**

VIGO-CRUÑA

**ZINCKE HERMANOS**  
LIBRERÍA — PAPELERIA  
IMPRENTA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— **A CRUNA** —

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**Lopez Abente**

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos establecementos da súa cras que mais honran a Galicia. Montada con arreglo aos derradeiros adelantos.

**Paulino Freire**

**BOUZAS - VIGO**

Sucursales: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa  
Aparellos, armados e en panos, para barcos pesqueiros

Malletas de abacá e cáñamo alquitranado—Cables de aceiro, ingleses  
Aceites minerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUNA —

**Novos Almacenes Coruñeses**

Tecidos nacionás e estranxeiros  
Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Fillos de H. Hervada

Casa fundada en 1865

**A CRUNA**

FERRETERÍA, QUINGALLA, MUEBLES,  
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS  
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

**Grandes Almacés de Tecidos**  
**NUEVO MUNDO**

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIÓN

Inmenso surtido en Panos da Rexión e Estranxeiro. Confeciónanse toda crás prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43—Teléfono 256

**A CRUNA**

**Sobriños de José Pastor**

**BANQUEIROS**

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugo e Orense

Quen non teña luz eléctrica pódea ter ainda mais brillante e branca pol-o **ACETILENO**, producida pol-o xenerador e totalizador helióxenos. Novo aparato hispano-argentino sistema

**FREY-TORS e GONZ-LAG**

Premiado na exposición do centenario Argentino en 1910. Gran diploma d'honor na Exposición Muestrario da Cruña en Agosto de 1919

**Liras, Tulipas, Boquillas, Brazos e Arañas**  
Venda de Carbuos

FREIXEIRO e FILLO - Cordoneria, 10, baixo - A CRUNA